

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 13 de febreiro de 2023**

Con data trece de febreiro do ano dous mil vinte e tres, ás nove horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste á sesión a deputada provincial dona Luz Doporto Real, que escusa a súa ausencia.

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2023.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 8 de febreiro de 2023.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade,

adopta o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 8 de febreiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE BANDE PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DO PROXECTO DE PROLONGACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DAS MARXES DO RÍO BADELLA AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE BANDE (OURENSE).

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a CH do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Bande para o financiamento, execución e entrega das obras do proxecto de prolongación do acondicionamento das marxes do río Badella ao seu paso polo núcleo de Bande (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto determinar as condicións que rexerán o financiamento, redacción do proxecto, posta ao dispor dos terreos, execución e posterior entrega para o mantemento e conservación das obras e instalacións que se contemplan no proxecto titulado “Proxecto de prolongación do acondicionamento de leito e marxes do río Badella ao seu paso por Bande (Ourense)”.

SEGUNDO.- DURACIÓN, MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1.- O presente convenio resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órgano e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e publicado no “Boletín Oficial do Estado”, e terá unha duración de catro anos.

Con todo, se nesa data non finalizaron as actuacións obxecto do mesmo nin se procedeu á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme ao establecido na cláusula sétima, os outorgantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

2.- O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, así como por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

a) O acordo unánime de todos os asinantes.

b) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, e en particular, o incumprimento do establecido na cláusula undécima en relación á posta a disposición por parte do Concello de Bande dos terreos ou bens necesarios para a execución das obras.

A extinción do convenio por esta causa, tras o procedemento contradictorio regulado no artigo 51.2c) da LRJSP, levará consigo o pago dunha indemnización á outra parte do convenio polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

e) Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio, sen acordarse a prórroga do mesmo.

Nos devanditos supostos establecerase, en función da causa concreta de extinción e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de continuación das mesmas e a súa finalización nun prazo improrrogable fixado polas partes, a proposta da comisión de seguimento, así como a forma de entrega das obras ao organismo competente.

3.- As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

TERCEIRA.- DESCRICIÓN DA OBRA

O obxectivo da actuación recóllese no “Proxecto de prolongación do acondicionamento de leito e marxes do río Badella ao seu paso por Bande (Ourense)” e consistirá na execución dun sendeiro lonxitudinal ao citado leito, prolongación do xa existente, nunha lonxitude aproximada de 800 metros, así como na limpeza do río e tratamento silvícola da vexetación de ribeira.

CUARTA.- CUSTO DAS ACTUACIÓNS E FINANCIAMENTO RELATIVO Á EXECUCIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS

1.- O investimento total necesario para a actuación estimouse en 380.000 €, imposto do valor engadido incluído.

2.- O custo do investimento financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 23.108.452A 601, superproxecto 2013.23.233.9001 e código de proxecto 2013 23 233 0011 do orzamento de gastos do Organismo de conca para o exercicio 2023.

3.- De acordo co anterior, o cofinanciamento da obra realizarase de conformidade coa seguinte fórmula:

- Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. achegará 304.000,00 euros do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 80% do investimento.
- A Deputación Provincial de Ourense achegará 76.000,00 euros do custo inicialmente previsto, con cargo á súa aplicación orzamentaria 179.11/721.09 o que supón unha porcentaxe do 20% do investimento.

4. Con cargo ao importe previsto no apartado primeiro, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. afrontará tanto o custo de redacción dos proxectos, como de execución das obras, dirección e vixilancia das mesmas, ademais dos gastos correspondentes ás medidas de seguridade e saúde. Os valores estimados para cada un destes conceptos, imposto sobre o valor engadido incluído, son os seguintes:

- Asistencia técnica para a redacción do proxecto: 14.701,50 €
- Asistencia técnica para a dirección das obras, incluíndo coordinación de seguridade e saúde das mesmas: 15.000 €.
- Contrato de obras, incluíndo medidas de seguridade e saúde: 318.798,50 €, imposto do valor engadido incluído.
- Retención a realizar para a liquidación das obras: 31.500 €

QUINTA.- ANUALIDADES E ACHEGAS

1.- A execución da actuación obxecto deste convenio está prevista inicialmente na anualidade 2023, de acordo coa seguinte desagregación:

ADMINISTRACIÓN	TOTAL
CHMS, O.A.	304.000,00 €
DEPUTACIÓN DE OURENSE	76.000,00 €
TOTAL	380.000,00 €

Con todo, por acordo da Comisión de Seguimento as partes poderán promover e aprobar posibles reaxustes de anualidades en función da evolución da execución do obxecto e das actuacións contempladas no presente convenio, sempre que estes non supoñan un incremento económico global nin do prazo do mesmo. Este reaxuste de anualidades non se considerará

modificación convencional para os efectos do establecido no apartado terceiro da cláusula segunda.

2.- As achegas da Deputación Provincial de Ourense materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos á Confederación Hidrográfica, previa certificación por esta dos gastos incorridos (fase contable O).

3.- O importe dos gastos certificados será ingresado nos prazos establecidos na normativa orzamentaria e tributaria vixente, na conta que o organismo de conca ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.

4.- A falta de pagamento destes importes nos prazos establecidos xerará unha débeda de dereito público que será esixible de acordo co establecido nas Leis e o Regulamento Xeral de Recadación, en particular, na disposición adicional cuarta do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEXTA.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil licitará, adxudicará e xestionará os contratos da obra, servizos e calquera outros necesarios para a execución do presente convenio, ata a terminación definitiva das obras.

SÉTIMA.- ENTREGA E RECEPCIÓN DAS ACTUACIÓNS.

1. Unha vez finalizadas e recibidas as obras por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., comunicarse á Deputación de Ourense e ao Concello de Bande tal circunstancia, achegando unha copia da acta de recepción, sendo entregadas para o seu uso público a este último para a súa xestión, mantemento e conservación.

2. Ao tratarse dunha actuación que é instrumento para o exercicio de competencias municipais, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. realizará a operación patrimonial de transmisión do pleno dominio da infraestrutura, mediante unha cesión gratuíta das previstas no artigo 147 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), previo informe da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, do modo indicado na exposición sétima co fin de transmitir a titularidade dominical da instalación, así como todos os dereitos inherentes ao devandito título ao Concello.

3. A obrigaón da Entidade local de facerse cargo do sendeiro nacerá coa posta á súa disposición e a entrega entenderase materializada pola mera notificación descrita no primeiro apartado.

4. A partir de tal momento, o concello farase cargo, para todos os efectos, das mesmas, correspondéndolle todas as obrigacións e cargas inherentes ao devandito mantemento e conservación; incluídos os tributos de todo tipo, ben sexan estatais, autonómicos ou locais, que poidan recaer sobre os bens.

5. O Concello queda autorizado, a partir da entrega das obras a:

- Utilizalas de acordo co fin e os plans comunmente aceptados polas partes.
- Xestionar, manter e conservar as obras e infraestruturas obxecto do presente convenio, de acordo co establecido no mesmo, de modo directo ou indirecto, todo iso de acordo co establecido na normativa vixente que resulte de aplicación.

OITAVA.- OBRIGACIÓNS E FACULTADES DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A.

Correspóndenlle á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. as seguintes obrigacións:

1. Financiar as actuacións de acordo co disposto na cláusula cuarta do presente convenio.
2. Licitar, adxudicar e xestionar os contratos da obra e servizos precisos, así como as demais actuacións precisas para executar o convenio ata a súa terminación definitiva.
3. Realizar, unha vez terminadas as obras, a recepción das mesmas.
4. Unha vez recibidas as obras en adecuadas condicións de uso, notificar este acto ao concello, achegando unha copia da acta de recepción a modo de entrega, para que este asuma a xestión, explotación, mantemento e conservación do sendeiro.
5. Poñer ao dispor do concello o construído, de modo que cumpran as condicións técnicas e legais necesarias para o seu funcionamento.
6. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. quedará obrigada durante a duración do prazo de garantía, dun ano, á reparación daqueles defectos imputables á execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía refírese exclusivamente ás obras executadas e non cubrirá os danos por un uso inadecuado do construído, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, así como tampouco as que sexan consecuencia de fenómenos atmosféricos ou polas variacións de nivel das augas.

NOVENA.- OBRIGACIÓNS E FACULTADES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Corresponderanlle á Deputación Provincial de Ourense, as seguintes obrigacións e facultades:

1. A Deputación Provincial de Ourense asume o financiamento da actuación, conforme ao establecido nas cláusulas cuarta e quinta.

2. A Entidade local acepta que o mantemento e conservación das obras realizadas se leve a cabo polo Concello de Bande.

DÉCIMA.- OBRIGACIÓNS E FACULTADES DO CONCELLO DE BANDE

Corresponderanlle ao Concello de Bande, as seguintes obrigacións e facultades:

1. O mantemento e conservación do sendeiro, a partir do día seguinte á recepción da notificación descrita no punto primeiro da cláusula sétima, converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigacións e cargas inherentes ao devandito mantemento e conservación. Esta obrigación incluírá, entre outros, os deberes de roza, talla, defensa do chan ou vexetación que sexan requiridos pola normativa vixente en cada momento para evitar riscos de inundación, erosión, incendio ou calquera outro tipo de perturbación do medio ambiente ou da seguridade e saúde públicas. Todo iso sen prexuízo das autorizacións que o concello deba solicitar para a realización das devanditas actividades en atención á lexislación vixente.
2. O pago de todos cantos tributos graven estas instalacións, mesmo, no seu caso, o Imposto sobre Bens Inmóbles e os custos de subministracións e servizos necesarios para a conservación do actuado e en xeral, de todos os gastos derivados da xestión, mantemento e conservación das obras obxecto deste Convenio.
3. A aprobación do proxecto construtivo de forma que substitúa ao outorgamento da licenza municipal, no caso de que esta resultase necesaria.
4. Realizar as obras de mantemento e conservación das infraestruturas que sexan necesarias, comprometéndose a asumir os gastos que das mesmas poidan derivarse
5. Poñer ao dispor da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. os terreos precisos para a realización das obras, libres de cargas e gravames, de acordo co establecido na cláusula undécima.
6. O Concello de Bande queda autorizado, a partir da entrega do construído, a utilizar as obras entregadas de acordo cos fins que motivaron a súa execución.

UNDÉCIMA.- POSTA AO DISPOR DOS TERREOS

O Concello de Bande poñerá ao dispor os terreos necesarios para a construción do sendeiro. Unha vez aprobado definitivamente o proxecto por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., esta requirirá ao Concello a acreditación da posta a disposición dos terreos no prazo que para tal efecto se lle indique.

O incumprimento de tal requirimento facultará á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. para declarar extinguido o convenio, de conformidade co establecido na cláusula terceira, do que, no seu caso, informará á corporación local.

A posta a disposición dos terreos materializarase mediante certificado da persoa titular da Secretaría Municipal no que se reflicta a dispoñibilidade dos mesmos por parte do concello.

En todo caso deberán identificarse as parcelas dispoñibles mediante a súa referencia catastral.

DUODÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o desenvolvemento desta colaboración e ata o momento da entrega das actuacións, establécese unha Comisión Mixta que estará composta por un representante de cada parte que se reunirán cantas veces sexa necesario, a pedimento de calquera das partes.

Esta Comisión coordinará as actuacións relacionadas co obxecto do presente convenio, liquidando as dúbidas que poidan xurdir en canto á súa execución; correspóndelle igualmente á Comisión o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, así como a aprobación dos reaxustes de anualidades conforme ao establecido na cláusula quinta.

DÉCIMO TERCEIRA.- ORDE XURISDICCIONAL COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e réxese polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sen prexuízo das funcións que se atribúen á Comisión de Seguimento na cláusula anterior, as cuestións litixiosas que poidan formularse respecto á aplicación, interpretación e cumprimento do seu contido serán competencia da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

2º.- Autorizar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense á tramitación do convenio e a cantos trámites sexan necesarios para a execución do mesmo.

3.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PÚBLICO PARA

A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DA NATALIDADE DA PROVINCIA DE OURENSE. PROGRAMA CHEGOU, EJERCICIO 2023.- De

conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do concurso público para concesión de subvencións para o fomento da natalidade da provincia de Ourense, no marco do Programa chegOU, para o exercicio 2023, con suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto da subvención

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que a Deputación de Ourense, a través da Área de Benestar, lle outorgará, mediante concorrencia non competitiva, á persoa que durante o ano 2023 teña un fillo ou filla, teña constituída a tutela ou adopción dun neno ou nena, a través do procedemento previsto nos artigos 19.2 la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

Así mesmo, a Deputación de Ourense, a través do procedemento regulado na base quinta de esta convocatoria, poderá conceder a subvención a aquelas persoas que se atopen en situación de “persoas desprazadas por conflito armado” e que foran pais/nais dun neno/a, nado ano 2023 ou excepcionalmente que o nacemento teña ocorrido no ano 2022.

Segunda.- Beneficiarios/as

Poderá ser beneficiario/a destas axudas:

- O/a proxenitor/a dun/dunha menor nacido/a entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.
- O/a adoptante dun/dunha menor, sempre que a constitución da adopción teña lugar entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.
- O/a titor/a dun/dunha menor, sempre que a constitución da tutela se faga entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

En todos os casos é preciso cumprir as seguintes condicións:

- A persoa solicitante ten que figurar empadroadada nalgún concello da provincia de Ourense á data da solicitude da axuda e acreditar que esta inscrición é anterior e ininterrompida desde antes do 1 de xaneiro do ano 2023.
- O/a menor que causa o dereito á subvención ten que constar inscrito/a nalgún rexistro da provincia de Ourense á data de presentación da solicitude.
- En caso de que la persoa solicitante sexa estranxeira, terán que cumprir, ademais, o establecido na LO 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as

en España e a súa integración social.

“Persoas desprazadas por Conflicto Armado”. Os nacionais de outros países cuxa situación administrativa en España esté baixo o amparo de “nacionais desprazados por causas derivadas de conflito armado.”, aplicaranse os criterios recollidos a través do mecanismo de emerxencia da “Directiva Europea de Protección Temporal de 2001” que se activa en caso de desprazamentos masivos de persoas co fin de proporcionar unha protección inmediata as persoas desprazadas.

De este xeito o proxenitor/a dun/dunha menor nacido/a entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2023 que acredite dita condición poderá solicitar a axuda de natalidade. A documentación que deberán presentar será a seguinte:

- Pasaporte ou documento oficial de identidade.
- “Tarxeta vermella” expedida polo Ministerio do Interior ou resolución da concesión do status de protección temporal.
- Certificado de empadramento nun municipio da provincia de Ourense á data de presentación da solicitude.
- Documentación fehaciente probatoria que acredite que o/a menor ten nacido no ano 2022 ou 2023 .

Cada neno/a nacido/a, tutelado/a ou adoptado/a dará dereito a unha única subvención a favor do solicitante: proxenitor/a, titor/a ou pai/nai do/a menor.

Terceira. Disponibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23111 48909, ata un máximo de 325.000 € (trescentos vinte e cinco mil euros). Periodicamente, a Área de Benestar da Deputación de Ourense realizará un balance orzamentario do desenvolvemento de programa.

Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

Cuarta.- Contía

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes será a que lles corresponda segundo a consideración, en grao, do concello en cuxo rexistro civil conste inscrito/a o/a menor que motiva a solicitude. As contías serán as seguintes:

- Para concellos de grao 0 (sen prioridade), grao 1 e grao 2: 300,00 € (trescentos euros).
- Para concellos de grao 3: 500,00 € (cincocentos euros).

A consideración dos concellos en graos recóllese no anexo I destas bases reguladoras.

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

1. As solicitudes poderanse presentar desde o día seguinte a publicación de estas bases e ata o 31 de decembro de 2023. No caso de que o nacemento do/a menor ou constitución da adopción ou tutela que motiva a solicitude tivera lugar entre o 1 e o 31 de decembro de 2023, o prazo de solicitude rematará o día 15 de xaneiro do ano 2024.
2. As solicitudes deberanse presentar telematicamente, utilizando a plataforma “ChegOU” a través da web da Deputación de Ourense <http://www.depourense.es>, e rexistraranse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense.

O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 7.2 da vixente Ordenanza de acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 296, de data 28.12.2009), ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido nos parágrafos seguintes, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que estará accesible no enderezo indicado.

Para a presentación de solicitudes, poderase realizar:

- 1) Con Certificado electrónico.
- 2) Sen certificado electrónico.

Farase da forma seguinte:

- a. Con certificado electrónico. Admitirase a presentación a través de calquera dos certificados válidos habilitados por esta Deputación.
- b. Sen certificado electrónico. No caso de que a persoa interesada non dispoña de certificado electrónico, poderase cubrir a solicitude, asinala e presentala ante o rexistro, logo de ser comprobada a identidade da persoa solicitante.

- b.1. Presencialmente,

1. Directamente nas oficinas da Área de Benestar da Deputación de Ourense. De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 5.7 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais da DPO e dos seus entes dependentes e adscritos, se algunha persoa interesada non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un/ha funcionario/a público/a provincial habilitado/a, mediante o uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado para iso. Neste caso, será necesario que a persoa interesada non estea obrigada a relacionarse electronicamente coa DPO, que careza dos medios electrónicos necesarios se identifique ante o/a funcionario/a e preste o seu consentimento expreso para esta actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

Aos efectos da tramitación de solicitudes ao abeiro destas bases terán a consideración de funcionarios/as públicos/as provinciais habilitados/as os seguintes:

- Área Benestar . Técnica Superior Desenvolvemento Local e Recursos Europeos, D.N.I. 34952403-Q
- Área de Benestar. Xefa de Sección de Programas e Proxectos, D.N.I. 44450904-T

As persoas solicitantes, previa comprobación dos requisitos de empadramento, rexistro civil ou situación de desprazamento por causas excepcionais poderán obter un “xustificante previo de concesión da axuda” tendo deste xeito, no mesmo acto da solicitude, a certeza de que a súa solicitude será concedida.

2.- Outros Rexistros Validos.- Poderán presentala tamén a través do Sistema ORVE. Neste caso as persoas interesadas cubrirán a súa solicitude a través da plataforma informática e, unha vez cuberta, terán que imprimila e levala ante calquera das oficina de Correos de España e pedir que envíen o orixinal polo SISTEMA ORVE ao rexistro da Deputación de Ourense, ou ante calquera dos outros rexistros válidos recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto co formulario de solicitude, o/a interesado/a, en atención ao previsto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberán achegar:

- a. Unha copia do DNI, ou documento identificativo, no caso de non autorizar a súa

consulta.

- b. Unha copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
- c. Unha copia da inscrición de nacemento nun rexistro da provincia de Ourense, só no caso de non autorizar a consulta.
- d. Unha copia da resolución xudicial ou administrativa que constituía a adopción ou tutela.
- e. No caso de estar na situación de “desprazamento por causas derivadas de conflito armado” a documentación a presentar será a seguinte:
 - Pasaporte ou documento oficial de identidade.
 - “Tarxeta vermella” expedida polo Ministerio do Interior ou resolución da concesión do status de protección temporal.
 - Certificado de empadramento nun municipio da provincia de Ourense.
 - Documentación fehaciente probatoria que acredite que o/a menor ten nacido no ano 2022 ou 2023 .
- f. Unha declaración responsable de non estar incurso/a nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se tales documentos foron achegados polo/a interesado/a ante calquera administración, deberá indicar en que momento e ante que administración os presentou, para poder obtelos electronicamente a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidera ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, a Deputación poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude.

Os datos referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil seranlle comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora, para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratalos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

3. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial, que lles prestará a asistencia precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose automaticamente as subvencións conforme co previsto nestas bases.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase, como máximo, cada sete días e referirase a todas as solicitudes presentadas entre as 00.01h do xoves anterior ao da valoración ata as 12.00 horas a do mércores, previo ao xoves de valoración, salvo aquelas solicitudes nas que por algunha causa fose imposible comprobar os requisitos de forma automática e fose preciso requirirle á persoa solicitante para presentar algunha documentación. O sistema determinará a cualificación como “*conforme coa axuda á natalidade Deputación*” ou “*excluída*”, en atención a que se cumpran os requisitos de acceso esixibles para ter dereito a ela ou non. Logo da comprobación conforme coas características de acceso, incluíranse na resolución quincenal posterior á comprobación.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión conforme nesa quincena, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes. Paralelamente remitiráselle á entidade financeira colaboradora unha lista ordenada de solicitudes concedidas, para que procedan a emitir e remitir as tarxetas electrónicas.

O listado non será obxecto de notificación individual, que será substituído pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido na Lei de procedemento administrativo, e no enderezo electrónico <http://www.depourense.es>

Sétima.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que

respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é da Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) Os datos do delegado de protección de datos son: domicilio, para os efectos de notificacións: rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o, para a valoración da súa solicitude e para a emisión das correspondentes tarxetas ChegOU. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.natalidade.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparanse a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os únicos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos ao deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil que lle serán comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora, para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención,

e tratalos, para emitir, imprimir e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o previo expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios/as, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Oitava.- Tarxeta electrónica da Deputación

As persoas que resulten beneficiarias da subvención e figuren na resolución semanal recibirán no enderezo sinalado na solicitude, a súa tarxeta electrónica, tarxeta “ChegOU”.

O funcionamento da Tarxeta ChegOU é o que segue:

O/a beneficiario/a deberá activar a súa tarxeta seguindo as instrucións que se acompañarán xunto coa remisión da tarxeta ao seu domicilio, e só poderá usala en farmacias e para-farmacias para a adquisición de produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde relacionados co neno/a, estando excluído o seu uso online e directamente en caixeiros automáticos ou mesmo na entidade financeira.

O prazo durante o que estará activa a tarxeta para efectuar gasto será ata o 31 de maio do ano 2024.

Novena.- Gastos subvencionables

As subvencións terán como finalidade adquirir produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que sexan realizados en data posterior á do nacemento/adopción do/a neno/a que motiva a subvención e ata o 31 de maio de 2024.
